



**Concello  
de Pontevedra**



# **SITUACIÓN LABORAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA: AFILIACIÓN**

**Informe final – Marzo 2023**

**Comparación co seu  
hinterland e outras cidades  
da provincia**

# ÍNDICE

1.	Introdución: obxectivo, estrutura, alcance e metodoloxía .....	3
2.	Análise das afiliacións no Concello de Pontevedra: visión comparada .....	6
2.1.	Persoas en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa traballadora .....	6
2.1.1.	O Concello de Pontevedra e o seu <i>Hinterland</i> .....	6
2.1.2.	O Concello de Pontevedra e outras cidades referentes da provincia .....	7
2.2.	Persoas en alta laboral segundo o concello de alta da entidade .....	8
2.2.1.	O Concello de Pontevedra e o seu <i>Hinterland</i> .....	9
2.2.2.	O Concello de Pontevedra e outras cidades referentes da provincia .....	9
3.	Balance de postos de traballo .....	11
3.1.1.	O Concello de Pontevedra e o seu <i>Hinterland</i> .....	11
3.1.2.	O Concello de Pontevedra e outras cidades referentes da provincia .....	12
4.	Postos de traballo por cada 100 habitantes.....	13
5.	Conclusións .....	14



**G4<sup>PLUS</sup>**  
Desenvolvemento estratéxico:  
organizacións e territorios

**Autores: Daniel Gallego Ortigueira  
Pedro Froilán Figueroa Dorrego**

# 1. Introducción: obxectivo, estrutura, alcance e metodoloxía

## OBXECTIVO

O presente estudo ten como obxectivo comprender o panorama laboral en Pontevedra e a súa comparativa con concellos de referencia da provincia. Para esta labor preténdese obter e analizar información procedente tanto da Seguridade Social coma das mutuas para empregados públicos que existen en España: Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), Mutualidade Xeral Xudicial (MUGEJU) e o Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS).


Por este motivo neste informe analízase o número de persoas en activo afiliadas á Seguridade Social e as distintas mutualidades existentes no Concello de Pontevedra e ofrécese unha visión comparada co seu *hinterland*, ou concellos próximos de influencia como son o de Poio, Marín e Sanxenxo así coma outros concellos de referencia da Provincia coma Vigo e Vilagarcía de Arousa.

En resumo, este estudo proporciona unha visión detallada do panorama laboral no municipio de Pontevedra a través da análise dos datos de afiliación á Seguridade Social, MUFACE, MUGEJU e ISFAS e a comparación con outros territorios de referencia.

## ALCANCE

En relación ao alcance xeográfico, este céntrase especialmente no Concello de Pontevedra e ofrece unha visión comparada:

1. en primeiro lugar co seu *hinterland*, entendido como a súa esfera de influencia, que neste caso serían os concellos de Poio, Marín e Sanxenxo
2. e en segundo lugar con outros concellos de referencia da Provincia coma Vigo e Vilagarcía de Arousa.



Fonte: elaboración propia

**Táboa 1 – Características dos concellos obxecto do estudo**

	Poboación	Renda Dispoñible Bruta	Superficie	Densidade
Pontevedra	82.828	17.677	118,3 km <sup>2</sup>	685,2
Poio	17.276	16.089	33,93 km <sup>2</sup>	521,5
Marín	24.034	13.832	36,66 km <sup>2</sup>	648,7
Sanxenxo	17.760	15.120	45,08km <sup>2</sup>	389,1
Vigo	292.374	17.343	109,06 km <sup>2</sup>	2.623,0
Vilagarcía	37.677	14.470	44,24 km <sup>2</sup>	847,2

Fonte: elaboración propia a partir de información do IGE: renda municipal dos fogares, nomenclátor e padrón de habitantes. Poboación actualizada a 24/01/2023, RDB actualizada a 24/02/2023, Densidade actualizada a 31/01/2023. Data de consulta 25/02/2023

## METODOLOXÍA

Este informe, para estudar a situación laboral dos concellos seleccionados, céntrase na información do **persoal activo** afiliado á Seguridade Social, MUFACE, MUGEJU e ISFAS.

- A Seguridade Social é un organismo encargado de xestionar os dereitos e prestacións dos traballadores e garantir a súa protección social.
- MUFACE: organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Facenda e Función Pública que proporciona prestacións sociais e asistencia sanitaria aos funcionarios do estado.
- MUGEJU: Entidade adscrita ao Ministerio de Xustiza xestora do réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de Xustiza
- ISFAS: Organismo adscrito ao Ministerio de Defensa que ten ao seu cargo a xestión do Réxime especial da seguridade social das Forzas Armadas, a Garda Civil, o persoal estatutario do CNI e o persoal civil de corpos adscritos ao Ministerio de Defensa.

### Obtención de datos:

- Os datos sobre as afiliacións á Seguridade Social están dispoñibles regularmente tanto no seu portal como a través das estatísticas que ofrece o IGE.
- En relación aos outros réximes non existe información pública a nivel municipal polo que foron realizadas consultas a través do portal de transparencia do goberno presentando solicitudes *ad hoc* dirixidas ao organismo responsable de cada un deles (Ministerio de Facenda e Función Pública, Ministerio de Xustiza e Ministerio de Defensa).
  - No caso do ISFAS en relación cos datos de afiliados segundo o concello de alta da entidade (destino dos traballadores) non teñen dispoñible esta información nas súas bases de datos. Por este motivo efectuáronse contactos e xuntanzas cos responsables do ISFAS e da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra (semana do 13 ao 17/03/2023).

### Indicadores:

- Afiliacións segundo concello de residencia da persoa traballadora.
- Afiliacións segundo concello de alta da entidade: trátase do nº de persoas que exercen o seu traballo en entidades dun territorio, non teñen por que residir nel.
- Balance: diferenza entre afiliacións segundo o concello de alta da entidade e as afiliacións segundo o concello de residencia da persoa traballadora.
- Autosuficiencia de emprego: relación existente entre os traballadores que exercen a súa actividade nas entidades dun territorio coa poboación residente no mesmo territorio e que está ocupada, ben sexa neste ou noutro lugar.
- Balance (en %) sobre activos residentes no concello: diferenza entre afiliacións segundo o concello de alta da entidade e as afiliacións segundo o concello de residencia da persoa traballadora expresada en porcentaxe sobre a poboación residente no mesmo territorio e que está ocupada, ben sexa neste ou noutro lugar.

## ESTRUTURA

O informe estruturarase en varios apartados:

1. En primeiro lugar, preséntase unha introdución e descrición xeral do estudo que inclúe obxectivos, alcance e metodoloxía. Neste bloque preséntanse os municipios seleccionados, e ofrécese información relevante sobre a súa poboación, economía e características socioeconómicas para enmarcar o estudo.
2. A continuación, analízanse os datos de afiliación aos distintos Réximes: Seguridade Social, MUFACE, MUGEJU e ISFAS segundo os ámbitos xeográficos mencionado anteriormente.
3. Posteriormente, en base ao total de afiliacións de cada territorio analizado calcúlase e preséntase graficamente os indicadores de referencia antes mencionados.
4. Finalmente, preséntase conclusións sobre os datos obtidos.

Realizouse un primeiro avance profundando na información sobre a seguridade social dada a súa dispoñibilidade inmediata e posto que este é o principal indicador para comprender o grao de emprego e a situación laboral dun territorio. Neste estudo, que foi presentado o 2 de marzo tomouse como referencia os datos de afiliación á Seguridade Social dos concellos seleccionados, recompilados a través dos rexistros e estatísticas públicas de cada un deles.

## 2. Análise das afiliacións no Concello de Pontevedra: visión comparada

### 2.1. Persoas en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa traballadora

Esta estatística permite coñecer o número de persoas traballadoras afiliadas á seguridade social e as diversas mutualidades, en alta laboral segundo o seu concello de residencia. A información, como se comentaba no apartado de metodoloxía provén da estatística do IGE - Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada e solicitudes de información realizadas aos organismos responsables das diferentes mutualidades (MUFACE, MUGEJU e ISFAS) por medio do portal oficial de transparencia do Goberno.

#### 2.1.1. O Concello de Pontevedra e o seu *Hinterland*

No concello de Pontevedra e o seu *hinterland* a porcentaxe de persoas en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada, oscila para as afiliacións na Seguridade Social entre o 84,2% do total en Marín ao 96,4% de Sanxenxo. En Pontevedra esta porcentaxe acada o 87%.

Destaca o 12,8% de persoas afiliadas ao ISFAS residentes en Marín e o 7,1% de persoas afiliadas no MUFACE residentes en Pontevedra.


**Táboa 2 - Nº de persoas afiliadas en alta laboral segundo o concello de residencia e mutualidade, Pontevedra e o seu *Hinterland*, Decembro de 2022**

	MUFACE	MUGEJU	ISFAS	Seguridade Social	Total
Pontevedra	2.489	280	1.822	30.652	<b>35.243</b>
Marín	267	16	1.213	7.993	<b>9.489</b>
Poio	304	19	285	6.605	<b>7.213</b>
Sanxenxo	169	12	60	6.399	<b>6.640</b>

Fonte: elaboración propia en base a consultas e datos do IGE.

Afiliacións á Seg. Social por concello de residencia da persoa afiliada actualizados a 15/02/2023.

Mutualidades: consultas realizadas o 10/02/2023, con respostas obtidas entre o 01/03 e o 17/03/2023.



## 2.1.2. O Concello de Pontevedra e outras cidades referentes da provincia

Entre os concellos de referencia da provincia, destaca comparativamente a porcentaxe de persoas afiliadas ao ISFAS que residen no concello de Pontevedra (5,2%), fronte ao 0,3% de Vigo ou o 0,9% de Vilagarcía. O peso relativo das persoas afiliadas ao MUFACE tamén é lixeiramente superior en Pontevedra (7,1%) respecto as cidades de Vigo e Vilagarcía (3,9% e 4,4% respectivamente).

Por esta razón a porcentaxe de persoas afiliadas en alta laboral que residen en Pontevedra acadada o 87% fronte ao 95,3% de Vigo e o 94,5% de Vilagarcía de Arousa.


**Táboa 3 - Nº de persoas afiliadas en alta laboral segundo o concello de residencia e mutualidade, Pontevedra e outras cidades referentes da provincia, Decembro de 2022**

	MUFACE	MUGEJU	ISFAS	Seguridade Social	Total
Pontevedra	2.489	280	1.822	30.652	<b>35.243</b>
Vigo	4.678	474	389	112.942	<b>118.483</b>
Vilagarcía de Arousa	634	29	126	13.625	<b>14.414</b>

Fonte: elaboración propia en base a consultas e datos do IGE.

Afiliacións á Seg. Social por concello de residencia da persoa afiliada actualizados a 15/02/2023.

Mutualidades: consultas realizadas o 10/02/2023, con respostas obtidas entre o 01/03 e o 17/03/2023.



## 2.2. Persoas en alta laboral segundo o concello de alta da entidade

O presente apartado analiza o número de persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social e as diversas mutualidades, en entidades que teñen a súa sede ou código de conta de cotización de alta nos concellos a tratar, é dicir, unicamente trátase de persoas que exercen o seu traballo en entidades dun territorio, non teñen por que residir nel.

O número de afiliados non se corresponde necesariamente co de traballadores, se non que se trata de relacións laborais ou situacións que xeran obrigação de estar afiliado.

A información vén directamente dos ficheiros das estatísticas mensuais de afiliacións e alta de traballadores da Seguridade Social do Ministerio de inclusión, seguridade social e migracións e novamente de solicitudes de información realizadas aos organismos responsables das diferentes mutualidades (MUFACE, MUGEJU e ISFAS) por medio do portal oficial de transparencia do Goberno.



## 2.2.1. O Concello de Pontevedra e o seu *Hinterland*

No concello de Pontevedra e o seu *hinterland* a porcentaxe de persoas en alta laboral segundo o concello de alta da entidade, oscila para as afiliacións na Seguridade Social entre o 83,7% do total en Marín ao 96% de Sanxenxo. En Pontevedra esta porcentaxe acada o 88%.

Destaca o 11,9% de persoas afiliadas ao ISFAS traballando en Marín, o 7,2% de persoas afiliadas no MUFACE traballando en Pontevedra e o 4,9% de persoas afiliadas ao ISFAS con posto de traballo en Poio.

**Táboa 4 - Nº de persoas afiliadas en alta laboral segundo o concello de alta da entidade e mutualidade, Pontevedra e o seu *Hinterland*, Decembro de 2022**


	MUFACE	MUGEJU	ISFAS	Seguridade Social	Total
Pontevedra	3.639	319	2.095	44.257	<b>50.310</b>
Marín	262	18	762	5.348	<b>6.390</b>
Poio	106	3	371	7.496	<b>7.976</b>
Sanxenxo	176	4	37	5.212	<b>5.429</b>

Fonte: elaboración propia en base a consultas e datos da Seguridade Social.

Estadísticas mensuais de afiliacións e alta de traballadores. Actualizado a 15/01/2023

MUFACE E MUGEJU: consultas realizadas o 10/02/2023, con respostas obtidas entre o 01/03 e o 17/03/2023.

ISFAS: consultas directas a responsables do ISFAS e da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra ( semana do 13 ao 17/03/2023)



## 2.2.2. O Concello de Pontevedra e outras cidades referentes da provincia

A data de consulta desta información cabe resaltar que **en Pontevedra traballan 50.310 persoas**. O 88% do total son afiliacións á seguridade social, un 7,2% a MUFACE, o 4,2% ao ISFAS e o 0,6% restante son persoas afiliadas a MUGEJU.

Nas cidades de Vigo e Vilagarcía a porcentaxe de persoas afiliadas á seguridade social ascende ao 96,8% e 94,3% respectivamente debido á menor incidencia nestas cidades de persoas

traballando afiliadas a MUFACE e especialmente no ISFAS, que ten maior relevancia na cidade de Pontevedra debido principalmente á BRILAT.

**Táboa 5 - Nº de persoas afiliadas en alta laboral segundo o concello de alta da entidade e mutualidade, Pontevedra e outras cidades referentes da provincia, Decembro de 2022**


	MUFACE	MUGEJU	ISFAS	Seguridade Social	Total
Pontevedra	3.639	319	2.095	44.257	<b>50.310</b>
Vigo	3.979	430	169	139.048	<b>143.626</b>
Vilagarcía de Arousa	588	31	50	11.069	<b>11.738</b>

Fonte: elaboración propia en base a consultas e datos da Seguridade Social.

Estadísticas mensuais de afiliacións e alta de traballadores. Actualizado a 15/01/2023

MUFACE E MUGEJU: consultas realizadas o 10/02/2023, con respostas obtidas entre o 01/03 e o 17/03/2023.

ISFAS: consultas directas a responsables do ISFAS e da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra ( semana do 13 ao 17/03/2023)



### 3. Balance de postos de traballo


#### 3.1.1. O Concello de Pontevedra e o seu *Hinterland*

Entre a lista de concellos analizados, pódese observar que principalmente Pontevedra e en menor medida Poio son os focos de creación de emprego, mentres os concellos de Marín e Sanxenxo amosan unha situación laboral menos favorable. Os datos de afiliación indican que en Pontevedra e Poio existe un maior número de traballadores afiliados a entidades destas localidades que persoas residentes en alta laboral (ben sexan altas no mesmo concello ou noutro) o cal pode indicar unha maior actividade económica e oferta de emprego nestes municipios.


**Táboa 6 – Balance do Nº de persoas afiliadas, Pontevedra e o seu *Hinterland*, Decembro de 2022**

	Segundo concello de residencia	Segundo concello de alta da entidade	Balance	Autosuficiencia de emprego	Balance (en %) sobre activos residentes no concello	
<b>Pontevedra</b>	<b>35.243</b>	<b>50.310</b>	<b>+15.067</b>	<b>142,75</b>	<b>42,8%</b>	▲
Marín	9.489	6.390	-3.099	67,34	-32,7%	▼
Poio	7.213	7.976	+763	110,58	10,6%	▲
Sanxenxo	6.640	5.429	-1.211	81,76	-18,2%	▼


#### Afiliacións



#### Balance (termos absolutos)



#### Balance expresado en %



Fonte: elaboración propia en base a consultas e datos da Seguridade Social.

### 3.1.2. O Concello de Pontevedra e outras cidades referentes da provincia

Na visión comparada con Vigo e Vilagarcía, pódese observar como en Vigo o balance é un 66,87% superior que o de Pontevedra en cifras absolutas (25.143 de Vigo fronte a 15.067 de Pontevedra) se ben hai que ter en conta que a poboación de Vigo (292.374) é 3,5 veces superior á de Pontevedra (82.828).


Por este motivo é salientable que en termos relativos (balance expresado en % sobre as persoas activas segundo concello de residencia), Pontevedra amosa un balance do 42,8% fronte ao 21,2% de Vigo.

Pola contra Vilagarcía presenta á data de consulta un déficit de 2.676 afiliacións (-18,6% sobre as afiliacións de alta entre os residentes).


**Táboa 7 - Balance do Nº de persoas afiliadas, Pontevedra e outras cidades referentes da provincia, Decembro de 2022**

	Segundo concello de residencia	Segundo concello de alta da entidade	Balance	Autosuficiencia de emprego	Balance (en %) sobre activos residentes no concello	
<b>Pontevedra</b>	<b>35.243</b>	<b>50.310</b>	<b>+15.067</b>	<b>142,75</b>	<b>42,8%</b>	▲
Vigo	118.483	143.626	+25.143	121,21	21,2%	▲
Vilagarcía de Arousa	14.414	11.738	-2.676	81,43	-18,6%	▼


#### Afiliacións



#### Balance (termos absolutos)



#### Balance expresado en %



Fonte: elaboración propia en base a consultas e datos da Seguridade Social.


## 4. Postos de traballo por cada 100 habitantes

Os seguintes datos amosan o número total de persoas afiliadas en cada localidade obxecto do estudo así como a súa poboación total. En base a estas cifras calcúlase o indicador de Postos de traballo por cada 100 habitantes.

Pódese observar que Pontevedra rexistra a mellor taxa de postos de traballo por cada 100 habitantes (60,7). Vigo é a segunda cidade coa mellor taxa con 49,1 postos de traballo por cada 100 habitantes seguida de Poio con 46,2. O resto das cidades presentes neste estudo teñen menos de 32 postos de traballo por cada 100 habitantes.

**Táboa 8 – Afiliacións e postos de traballo por cada 100 habitantes, Decembro 2022**

	Total de afiliacións	Poboación	Postos de traballo por cada 100 hab.
<b>Pontevedra</b>	50.310	82.828	<b>60,7</b>
Vigo	143.626	292.374	<b>49,1</b>
Vilagarcía de Arousa	11.738	37.677	<b>31,2</b>
Marín	6.390	24.034	<b>26,6</b>
Poio	7.976	17.276	<b>46,2</b>
Sanxenxo	5.429	17.760	<b>30,6</b>



Fonte: o total de afiliacións provén das consultas as mutualidades e dos datos da Seguridade Social

## 5. Conclusións

Dos datos analizados neste informe conclúese que **Pontevedra, centrándonos nos datos dispoñibles, é con diferenza o maior centro xerador de emprego en termos relativos (42,8%), duplicando o balance expresado en % sobre o total de persoas residentes activas do seguinte concello (Vigo 21,2%)**. Se ben, en termos absolutos, como era previsible, o maior centro de xeración de emprego é Vigo, que supera nun 66,87% ao concello de Pontevedra sempre tendo en conta, como se comentaba anteriormente, que a poboación de Vigo (292.374) é 3,5 veces superior a de Pontevedra (82.828).

**Táboa 9 - Balance do N° de persoas afiliadas, Pontevedra, o seu *Hinterland* e outras cidades referentes da provincia, Decembro de 2022**

	Segundo concello de residencia	Segundo concello de alta da entidade	Balance	Autosuficiencia de emprego	Balance (en %) sobre activos residentes no concello	
<b>Pontevedra</b>	<b>35.243</b>	<b>50.310</b>	<b>+15.067</b>	<b>142,75</b>	<b>42,8%</b>	▲
Vigo	118.483	143.626	+25.143	121,21	21,2%	▲
Vilagarcía de Arousa	14.414	11.738	-2.676	81,43	-18,6%	▼
Marín	9.489	6.390	-3.099	67,34	-32,7%	▼
Poio	7.213	7.976	+763	110,58	10,6%	▲
Sanxenxo	6.640	5.429	-1.211	81,76	-18,2%	▼

Fonte: consultar táboas anteriores

### Autosuficiencia de emprego

As cidades de **Pontevedra, Vigo e Poio acadan a autosuficiencia de emprego** o que quere dicir que o emprego que se xera nestas cidades podería fornecer de traballo a todas as súas persoas residentes de alta.

Pola contra Vilagarcía, Sanxenxo e Marín non acadan a autosuficiencia de emprego.

